

QUERO ESTUDAR FORMACIÓN PROFESIONAL

(Toda a información que vas atopar aquí é a que sabemos neste momento. Na segunda quincena do mes de xuño sairá toda a normativa para o curso que vén)

A formación profesional (FP) comprende un conxunto de ciclos formativos, tanto de grao medio como de grao superior, cunha organización en módulos e con contidos teórico-prácticos que teñen como finalidade a adquisición das competencias necesarias para o desempeño dunha profesión.

As ensinanzas de formación profesional están organizadas en ciclos formativos de grao medio e de grao superior.

Ciclos formativos de grao medio

Se posúo o título de Graduado en Educación Secundaria pode acceder a un ciclo de grao medio, tamén se superei a Formación Profesional Básica ou a proba de acceso a ciclos.

As ensinanzas de grao medio están organizadas en dous cursos. A asistencia ás clases é obrigatoria.

Superando un ciclo de grao medio obtense o título de técnico ou de técnica.

Ao finalizar un ciclo formativo de grao medio pódese acceder directamente a calquera outro ciclo de grao medio ou de grao superior. Tamén é posible cursar e obter o título de bacharelato matriculándose e superando unicamente as materias xerais do bloque de materias troncais da modalidade de bacharelato elixida, e a materia de Lingua Galega e Literatura.

Ciclos formativos de grao superior

Se posúo o título de Bacharelato pode acceder a un ciclo de grao superior, tamén se teño o título de técnico ou superei a proba de acceso a ciclos superiores.

As ensinanzas de grao superior están organizadas en dous cursos. A asistencia ás clases é obrigatoria.

No caso de ter finalizado un ciclo formativo de grao superior poderase:

- Acceder a calquera ciclo de grao medio ou de grao superior
- Obter o título de bacharelato matriculándose e superando unicamente as materias xerais do bloque de materias troncais da modalidade de bacharelato elixida, e a materia de Lingua Galega e Literatura
- Acceder a calquera ensinanza universitaria de grao, de modo directo, sen necesidade de proba de acceso (sen necesidade de realizar a ABAU) . Se o título universitario tivese limitación de prazas o acceso farase tendo en conta a nota media do ciclo formativo. De ser necesario, porque a nota non é suficiente para acceder á carreira que quero, podería presentarme á parte voluntaria das ABAU.

Superando un ciclo de grao superior obtense o título de técnico ou técnica superior.

Todo o alumnado de Formación Profesional, tanto de grao medio como de grao superior, realiza actividades formativas nas empresas (formación en centros de traballo, ou FCT), o que lle proporciona o complemento da práctica real á formación recibida.

Lembra que a información que podes atopar nas seguintes ligazóns refírese ao curso actual, o **curso 2019/2020**. Debemos esperar aos últimos días de xuño para ter a información para o vindeiro curso.

Se queres saber máis sobre as vinte e tres familias profesionais, os seus ciclos, módulos, competencias, podes ver aquí os [folletos informativos](#) de cada unha delas.

Onde podo estudar cada un dos ciclos? Nesta ligazón poderás atopar a oferta formativa de ciclos de grao medio e de grao superior por [familias profesionais](#).

Que oferta podo atopar na cidade da Coruña? Que oferta ten o IES Ramón Menéndez Pidal? Nesta ligazón poderás atopar a oferta formativa de ciclos de grao medio e de grao superior por [provincias e concellos](#).

Para realizar estudos nos centros docentes sostidos con fondos públicos é necesario, ademais de cumprir os requisitos de acceso, participar nun proceso de admisión. Este proceso establece un sistema de prioridades na adxudicación de prazas para cada centro educativo e para cada ciclo formativo así como os prazos de presentación de solicitudes e de formalización da matrícula. Debemos estar moi atentas aos prazos.

Distribución das prazas por cada ciclo e centro en función da vía de acceso:

■ No caso de **grao medio**:

| Grupo A ESO e equivalentes | Grupo B FP básica e PCPI* | Grupo C Proba de acceso e outros |
|-------------------------------|------------------------------|-------------------------------------|
| Ata o 70% | Ata o 20% | Ata o 10% |

*Acceso por superación dos módulos obrigatorios de PCPI do curso 2011-2012 e seguintes.

■ No caso de **grao superior**:

| Grupo A BACH e equivalentes | Grupo B Título de técnico | Grupo C Proba de acceso e outros |
|--------------------------------|------------------------------|-------------------------------------|
| Ata o 70% | Ata o 20% | Ata o 10% |

Sabes o que é a FORMACIÓN PROFESIONAL DUAL?

É unha modalidade de formación profesional que ten como finalidade a cualificación profesional das persoas nun réxime que une a actividade laboral nunha empresa coa actividade formativa nun centro educativo.

Os centros educativos e as empresas comparten as responsabilidades formativas para que as ensinanzas profesionais se adecúen ás necesidades do mercado laboral.

Cales son os requisitos para acceder á FP dual?

Para acceder a esta modalidade de FP é preciso cumprir os requisitos académicos que se requiren para acceder aos ciclos de grao medio e de grao superior e ademais:

- Ter dezaoito anos ou máis no ano natural en que comece o ciclo formativo.
- Carecer da cualificación profesional, obtida e recoñecida polo sistema de formación para o emprego ou do sistema educativo, para o posto de traballo ou a ocupación obxecto do proxecto.
- Non ter realizado con anterioridade un contrato de formación e aprendizaxe, e cumprir os requisitos establecidos na normativa laboral vixente para o poder efectuar.

- Non ter superado ningún módulo profesional do ciclo formativo do proxecto solicitado, agás que fose cursando outro ciclo formativo.

Que vantaxes ten a FP dual? O alumnado percibe unha remuneración en función do tempo efectivo de traballo na empresa.

Na páxina da Consellería podes atopar máis información sobre a [FP dual](#)